



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expediente 2025/G003/000493

Reunidos o día 05-08-2025 ás 10:00 horas, a Xunta de Goberno Local de Valdoviño en sesión ordinaria, previamente convocada conforme o Decreto núm. 478/2025, baixo a Presidencia do Alcalde Presidente da entidade local, Alberto González Fernández, con asistencia das Concelleiras e Concelleiros Rosa Ana García López, Tamara Sabin Caamaño e Alejandro Antonio García Sousa.

Non asiste o Concelleiro Benito Vega Fernández escusando a súa asistencia.

A Corporación municipal é asistida pola Secretaria deste Concello, Carlota González Navarro que dá fe do acto.

Verificada pola Secretaria municipal a válida constitución da Xunta de Goberno Local pois se cumpre o quórum legal para a súa celebración, o Presidente abre a sesión, procedendo a deliberación dos asuntos incluídos na ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 22.07.2025 (ORDINARIA).-

O Alcalde Presidente pregunta aos Concelleiros e Concelleiras se teñen que facer algunha observación á devandita acta e, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do 22-07-2025 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS, RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/14 (Expediente 2025/X999/000127)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/14

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/14 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (97.780,72 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Vista a solicitude de data 25/06/2025 de cesión de dereito de cobro da factura emitida por Atendo Calidade, S. L. número E25/113 por importe de 67.356,74 euros e a favor da financeira Borrox Finance, S. L. e considerando que a mesma cumpre os requisitos formais para a tramitación do endoso (solicitude asinada



por cedente e cesionario identificando as facturas, copia de poderes suficientes e identificación dos representantes de ambas entidades).

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2025/14 por importe bruto de 97.780,72 euros.

SEGUNDO.- APROBAR o endoso da factura número E25/113 con número de rexistro contable F/2025/1435 e importe de 67.356,74 euros emitida por Atendo Calidade, S. L. a favor de Borrox Finance, S. L. (CIF nº B87774931)

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000127).

3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REPARACIÓN DE ESTRADAS EN LAVACERIDO, MONTEFARO, O AMEDIO, COOPERATIVA DE MEIRÁS, RIOBOO E CARREIRA (Expediente 2024/C003/000012)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C003/000012

Obra: - Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira

Aprobado o expediente de contratación da obra: “- Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira” mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 29/10/2024.

Licitación: procedemento aberto con aplicación de único criterio de adxudicación (factor prezo).

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 23/12/2024 e presentadas ofertas, en sesión de data 22 de abril de 2025 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A constatando que se presentaron tres licitadores: NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L., NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS



CONSTRUCCIONES, S.A. e NIF: B70019294 Serviplus total S.L. Tras a revisión da documentación aportada polos licitadores a mesa de contratación acorda admitir aos seguintes licitadores (todos os presentados):

NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

NIF: B70019294 Serviplus total S.L

Na sesión celebrada pola Mesa de Contratación en data 29 de abril de 2025 procedeuse á apertura e valoración dos criterios evaluables automaticamente (sobre C) e efectuando a valoración co programa de ofertas económicas da Deputación da Coruña tomando como referencia o importe sen IVE: 120.016,81 euros resultan os seguintes datos:

NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 113415.89 Puntuación: 25.67

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 113775 Puntuación: 24.27

NIF: B70019294 Serviplus total S.L.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 114730 Puntuación: 20.58

E por conseguinte a mesa de contratación acordou propoñer ao órgano de Contratación, a adxudicación do contrato Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira á empresa NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S. L. motivada a proposta en que foi a que obtivo a maior puntuación e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade, previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicado o contrato .

Segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2025 en data 19 de maio de 2025 requiriuse ao licitador EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S. L. para que presentase a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación incluíndo a declaración á que se refire o artigo 140.1.c da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público así como a **garantía definitiva** (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 5.670,79 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira, o **certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT) e o **certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**) en virtude da cláusula 16.1.9. Requirimento que foi atendido polo licitador en data 02/06/2025 segundo rexistro de entrada nº 202599900000810.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adxudicarlle á empresa NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: "Reparación de estradas en Lavacerido, Montefaro, O Amedo, Cooperativa de Meirás, Riobó e Carreira" no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 113.415,89 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 23.817,34€
- c) Total (a+b): **137.233,23 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado que é a mellor oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria;

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 137.233,23 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños canais e portos colexiado número 27796.

QUINTO.- Notificar este acordo aos interesados no expediente administrativo, según o disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar a formalización da presente contratación no Perfil do contratante, ao abeiro do previsto no artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000012).

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REPARACIÓN DE ESTRADAS EN COTO DA PENA, BASTEIRO, OS ROMEOS, AS TRAVES, O CAMELEIRO E IGREXA DE LAGO, INCLUÍDA NO PLAN POS ADICIONAL 2/2024 1º FASE (EXPEDIENTE 2024/C003/000013)

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C003/000013

Obra: Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago.



Aprobado o expediente de contratación de: "Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago." Segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 29/10/2024 incluído no Plan POS ADICIONAL 2/2024 1ª FASE

Consta a documentación técnica do enxeñeiro D. Miguel Ángel Fernández Rivera 27796 COATIE AC; cun importe total de 129.684,81 € (IVE incluído); IVE 22.507,28 euros; prezo sen IVE (107.177,53 €).

Licitación: procedemento aberto con único criterio de adjudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 23/12/2024 e presentadas ofertas, en sesión de data 22 de abril de 2025 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A e acordou admitir aos licitadores Avanza Environment, S. L., Excavaciones Cernada Valiña, S. L., Excavaciones y Obras Melchor, S. L., José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. e Serviplus total, S. L. (todos os licitadores que concorreron á licitación) ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 29 de abril de 2025 a mesa de contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas contidas nos sobres "C". Resultando que unha vez remitida a información a mesa de contratación valorou as proposicións técnicas de acordo aos criterios do PCAP do seguinte xeito:

NIF: B70385125 Avanza Environment SL: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 102892.56
Puntuación: 18.67

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 103072.63 Puntuación: 17.87

NIF: B70336482 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 101282.77 Puntuación: 25.67

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 99995 Puntuación: 31.27

NIF: B70019294 Serviplus total S.L.: - Oferta económica Valor introducido polo licitador: 102240 Puntuación: 21.51

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto cun único criterio de adjudicación, factor prezo, das obras incluídas nos plans provinciais (ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP): A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA : 1º REQUIRIR á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende a recepción da notificación, xustifique a súa oferta,



acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada. 2º.- A documentación xustificativa realizada polo licitador incurso en baixa, será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non de baixa anormal.

En data 13/05/2025 baixo o rexistro de entrada número 202599900000694 o licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. presentou xustificación da baixa temeraria en resposta ao requirimento efectuado en data 07/05/2025 sendo trasladada aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

En data 20 de xuño de 2025 a mesa de contratación celebra sesión para dar conta do informe técnico referido á xustificación da ofertada económica presentada pola licitadora “José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. na que se expón:

“(…)

IV. A empresa JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A., presentou unha memoria xustificativa o día 13.05.2025 (núm. rex. 202599900000694), axustada de forma xeral ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos: 1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS: Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 "La empresa y su actividad" e "Instalaciones" da memoria, como son: • Experiencia no sector da construción e en obra civil dende o ano 1967 e en explotación de canteiras de áridos dende mais de 100 anos. • Disponibilidade propia de medios propios tanto humanos como mecánicos. • Posesión de cadro de persoal consolidado con unha antigüidade media de 20 anos. • Disponibilidade propia de taller mecánico e instalacións de subministro de áridos e asfalto, no Concello de Moeche (a 20 km do lugar das obras). • Empresa inscrita no Rexistro de empresas clasificadas, no Rexistro de empresas acreditadas (REA) no sector da construción e no Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (residuos non perigosos de orixe industrial e pequeno produtor de residuos perigosos). A. Materiais: A.1 Compra: • Inclúese neste apartado as emulsións asfálticas ofertadas por REPSOL, con carta de compromiso de subministro deste produto. A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia: • Canteira propia de áridos (apropiados para regos asfálticos, aglomerados bituminosos e formigóns) con licenza de explotación dende o ano 1973. Achégase cálculo do custe de produción e estimación de existencia. Achégase certificado de conformidade CE. B. Maquinaria: B.1 Alugueiro: • Indícase que non se alugará nin subcontratará maquinaria por ter un parque propio.



B.2 Medios propios: Incorporase a relación detallada e ficha dos vehículos e maquinaria da empresa.. Achégase estudo do prezo/hora do custo da mesma. Achégase declaración de amortización da totalidade da maquinaria e instalacións da empresa, salvo 3 dos 20 vehículos. C. Oferta detallada por unidades de obra: Achégase oferta económica das unidades de obra detallada en prezos descompostos co mesmo detalle que no PPT, sendo a baixa mais significativa a correspondente ao árido, maquinaria empregada e da emulsión bituminosa, manténdose o prezo da ma de obra, porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais indicados nos pregos de prescricións técnicas. 2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS: Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios dende o 2011 ao 2018, a relación de obras que a empresa ten pendente de executar con outras administracións e certificados de boa execución dun total de 5 obras similares con outras administracións. 3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA: • Achégase relación detallada do cadro de persoal da empresa. • Achégase relación nominal de traballadores emitida pola Tesorería General de la Seguridad Social. • Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social. • Achégase nómina de 11 traballadores, do mes de marzo do 2025. • Achégase declaración da obra contratada e pendente de executar, con indicación do presuposto de adxudicación. 4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS: • Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos seus traballadores. • Achégase informe emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social dos traballadores de alta na empresa. • Achégase certificado emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social de estar ao día no cumprimento da obrigas coa Seguridade Social. 5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS: • Non se achega relación de subcontratos. V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada. Este é o meu informe que, composto de 3 follas numeradas, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra denominada: "Reparación estradas en estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeus, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago". (...)

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada. Este é o meu informe que, composto de 3 follas numeradas,



emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra denominada: "Reparación estradas en estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago".

(...)

Esta Mesa de contratación na sesión de data 20/06/2025 tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á xustificación da oferta económica presentada pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. e toda vez que considerou xustificada a oferta económica presentada por José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada. E por todo o exposto anteriormente a mesa acordou FORMULAR PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN do contrato de obra: **Reparación estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de lago** a favor de la empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones S. A. motivado en que é a oferta que obtivo a maior puntuación, previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicatario do contrato.

Segundo acordo de Xunta de Gobierno Local de data 15 de xullo de 2025 en data 18 de xullo de 2025 requiriuse ao licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. para que presentase a documentación sinalada na cláusula 16.- Adjudicación- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación incluíndo a declaración á que se refire o artigo 140.1.c da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público así como a **garantía definitiva** (5 % do importe de adjudicación, excluído o IVE: 4.999,75 euros) aos efectos de poder serlle adjudicada a obra *Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago*, o **certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (**AEAT**) e o **certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) en virtude da cláusula 16.1.9. Requirimento que foi atendido polo licitador en data 21/07/2025 segundo rexistro de entrada nº 202599900001250.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Gobierno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adjudicarlle á empresa NIF A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: "Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro e Igrexa de Lago" no prezo seguinte:



- a) Prezo sen IVE: 99.995,00€
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 20.998,95 €
- c) Total (a+b): **120.993,95 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado que é a mellor oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria;

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 120.993,95 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños canais e portos colexiado número 27796.

QUINTO.- Notificar este acordo aos interesados no expediente administrativo, según o disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar a formalización da presente contratación no Perfil do contratante, ao abeiro do previsto no artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000013)

5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA AULA DA NATUREZA (EXPEDIENTE 2025/C004/000002)

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”

Visto o informe emitido pola educadora social Iria García Martínez sobre a necesidade da contratación para dar continuidade á prestación do servizo de educación e conciliación do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” e que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE VALDOVIÑO “AULA DA NATUREZA”



Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao servizo de educación e conciliación prestado no Punto de Atención á Infancia de Valdoviño

INFORMO:

PRIMEIRO.- Que o contrato do servizo iniciado no ano 2021, coas prórrogas correspondentes, remata no mes de xullo do presente ano, sendo necesaria unha nova contratación para dar continuidade ao servizo prestado.

SEGUNDO.- Que o funcionamento do recurso conta xa cunha traxectoria de varios anos que permite facer unha valoración sobre a súa necesidade e o nivel de participación, constatando que o servizo que presta é fundamental para a cobertura da necesidade de conciliación da vida familiar e laboral das familias de Valdoviño. O nivel de ocupación adoita ser alto, e rematado o prazo de preinscrición para o curso que ven constátase que se cubren todas as prazas. Isto pon de manifesto o interese e a necesidade existente entre as familias, o que xustifica a importancia de que se continúe prestando o servizo.

TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia resolve unha axuda anual para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal. A resolución para o presente curso escolar é de 9212€ para mantemento e 15770,43€ para a gratuidade da atención educativa. No caso dos vindeiros cursos estímase que a axuda sexa unha contía semellante, ao establecer unha cantidade fixa no caso do mantemento e coñecer que as prazas do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño van estar cubertas na súa totalidade.

CUARTO.- Que entre os departamentos de Secretaría, Servizos Económicos e Servizos Sociais elabóranse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a licitación do servizo.

Para que conste aos efectos oportunos.”

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e con multiplicidade de criterios de valoración de conformidade co disposto no artigo 159 da LCSP.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a presente contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño.



TERCEIRO.- Autorizar o gasto, cun orzamento base de licitación de 54.900 €/ano exento de IVE .

CUARTO.- Publicar o correspondente anuncio no perfil contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Así o acordo, mando e asino en Valdoviño na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a retirada do Expediente de contratación do servizo do Punto de Atención a Infancia Aula da Natureza (Expediente 2025/C004/000002) incluído na orde do día, aprazando a súa discusión ata que se incorporen ao Expediente os documentos e/ou informes precisos para subsanar o erro advertido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar e cumprindo o obxecto do acto, o Alcalde Presidente Alberto González Fernández levanta a sesión sendo as 10:15 horas do 05-08-2025, do cal como Secretaria municipal dou fe.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/